A **Sra. Alcaldesa** dixo que se trataba dun expediente dilatado e recordou que os primeiros trámites ante as entidades bancarias xa se produciron en novembro e que, no procedemento de presentación de ofertas, se obtiveron condicións mais vantaxosas para o concello, aínda que non respectaban as condicións fixadas respecto da carencia do préstamo, polo que se volverá sacar para que todas as entidades poidan presentar as súas ofertas, finalizando para explicar que unha vez obtida a financiación, se convocará conxuntamente o concurso para o proxecto e a execución das obras, buscando a mellor solución.

O **Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, queixouse de que se rematase a lexislatura metendo por uxencia temas de calado. A **Sra. González Serén, concelleira do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, aludiu a que no informe de intervención se indicaba que era necesaria autorización de Costas, sinalando a **Sra. Alcaldesa** que non se podía executar a obra sen a citada autorización. A **Sra. González Serén** preguntou sobre a referencia á adquisición da grúa, contestando a **Sra. Alcaldesa** que só se compraría se existía remanente, engadindo que se ían empregar un millón trinta e oito mil euros, xa que o restante o podía aportar “Nauta”. A **Sra. González Serén** volveu intervir para aludir a complexidade do asunto, no que o concello autoriza e quen contrata é a sociedade, puntualizando entón a **Sra. Alcaldesa** que se ía modificar tan só o punto referente á carencia, explicando a continuación o proceso indagatorio ante as diversas entidades bancarias e a oferta favorable aos intereses municipais de “Abanca”, na que tan só había o problema da carencia do préstamo, especificando que a oferta desta entidade bancaria era dun millón de euros, posto que para o restante existía liquidez na sociedade mercantil e que, aínda que o informe de intervención permitiría a posibilidade de validar a oferta xa presentada, o que se pretende agora é modificar as condicións da autorización e volver a licitar de novo o préstamo. O **Sr. Gonzalo Pita** preguntou se este asunto pasaría polo Consello de Administración de “Nauta” e a **Sra. Alcaldesa** matizou que o acordo de autorización era do Pleno, correspondendo logo á sociedade mercantil a aprobación dos pregos para a execución das obras, o que se intentará axilizar o mais posible.

A **Sra. Agúin Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, tamén criticou o procedemento empregado, pero sinalou que non ían ser impedimento para executar esta obra polo que votarán a favor da moción.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, empezou dicindo que o proxecto de rexeración era a consecuencia da construción do porto deportivo e da súa modificación por unha ilegalidade do concesionario, aceptada despois por “Nauta” e recordou que escoitou ao candidato do Partido Popular á Alcaldía que podía haber negociación con Costas, polo tanto si este asunto é negociable non é asumible, entendendo como fai o BNG, que Costas ten unhas obrigas ao respecto, preguntando entón cal é o criterio do Partido Popular de Sanxenxo sobre este tema.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, destacou que este asunto se traía aquí porque as entidades bancarias non respectaron as condicións sinaladas polo pleno, existindo a parte positiva de que a oferta actual era economicamente máis vantaxosa, se ben había que modificar o apartado da carencia, polo que se con anterioridade votou a favor, con condicións mais negativas, agora o volverá a facer no mesmo sentido. En canto ao dito polo anterior interviniente, manifestou que a persoa citada sabía perfectamente o que lle costou ao concello o porto deportivo, xa que era o alcalde cando se comprou, incluída a rexeración da praia da Carabuxeira, asunto que non é negociable e que se trata dunha obriga para o concello.

A **Sra. Alcaldesa** manifestou que respectaba todas as opinións pero que había cousas que non todo o mundo podía recordar e matizou que este asunto non só non é negociable, senón que hai compromisos firmados, polo que non hai nada que discutir e, aínda que se pretendeu ver se tiña algunha responsabilidade Portos de Galicia, como titular do porto, á vista da documentación firmada a obriga do concello é indiscutible e, polo tanto, innegociable.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** interviu para matizar que non comprendía que houbera manifestacións polo candidato do Partido Popular á Alcaldía de que este asunto era negociable e que dende o goberno municipal non se lle contestase.

A continuación, ao non producirse mais intervencións, a **Sra. Presidenta someteu a votación a moción**, alcanzándose o seguinte resultado:

**Votos a favor: 12 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).**

**Votos en contra: 0**

**Votos pola Abstención: 5 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).**

En consecuencia, a **Corporación Municipal en Pleno, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:**

**“PRIMEIRO:** confirmar a autorización á mercantil Nauta Sanxenxo, S.L. (xa efectuada polo Pleno o pasado 24.11.14) para a solicitude dunha operación de endebedamento a longo prazo coa finalidade de proceder á rexeración da praia da Carabuxeira, para o que se constituíu, no seu día, pola primitiva concesionaria Construcciones Davila Lago, S.L. un aval por importe de 901.518,16 euros.

**SEGUNDO:** as condicións da operación serían as mesmas que as do acordo de 24.11.14, modificando o punto 6.a) que pasaría a ser de un importe mínimo de 1.000.000,00 euros e un importe máximo de 1.200.000,00 euros e o punto 6.d) que sería un tempo mínimo de amortización de 10 anos, a contar desde a data de formalización e 1 ano de carencia.

**TERCEIRO:** Considerar xustificado xuridicamente a obrigatoriedade de efectuar as obras de referencia por parte da sociedade mercantil Nauta Sanxenxo, S.L., en virtude dos tres informes xurídicos que obran no expediente.

**CUARTO:** Proceder a aprobar, nos termos do informe da intervención, a modificación do orzamento separado de Nauta Sanxenxo, S.L. e, en consecuencia, do orzamento xeral consolidado do Concello para 2015, por contía mínima de 1.000.000,00 euros e máxima de 1.200.000,00 euros para o proxecto de rexección da praia da Carabuxeira, cuxo importe de execución por contrata ascende a 1.038.515,11 euros, polo que, en caso de que a operación supere dito importe, deberá destinarse ao proxecto afectado para adquisición dunha nova grúa travel lift para o varadoiro do porto. O procedemento deberá tramitarse polo procedemento aberto.

**QUINTO:** que se aprobe a urxencia por parte do Pleno de debater e aprobar este asunto polos motivos que serán expostos por esta presidencia perante do Pleno.”-----

**2º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO RELATIVA A POSTA EN MARCHA DE PROGRAMAS DE CONCIENCIACIÓN DA PROBLEMÁTICA DO AUTISMO E A CREACIÓN DUN DEPARTAMENTO ESPECIFICO MUNICIPAL (R. DE ENTRADA Nº 2.826 DO 30/03/15). A Sra. Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:**

“Dna. Sandra Fernández Agraso concelleira do Grupo Municipal do **Bloque Nacionalista Galego (BNG)** no Concello de SANXENXO

**EXPÓN:**

O día 2 de Abril conmemórase o Día Mundial da Concienciación do Autismo.

O Autismo e o TEA (Trastorno do espectro autista) está cada vez máis presente no noso concello, habendo xa un número considerable de casos de nenos e nenas nos distintos colexios do Concello de Sanxenxo, con diferentes grados de alteración da linguaxe e comunicación, das competencias sociais e da imaxinación.

As familias que sofren esta problemática pasan, na maioría dos casos, por unha odisea para poder ter un diagnóstico precoz dos seus fillos e fillas, tendo que recorrer habitualmente a centro de diagnóstico privados.

Estes nenos e nenas precisan de unhas técnicas de aprendizaxe máis específicas, para lograr desenvolver mellor certas habilidades na conducta. Algunha de estas técnicas son as estratexias visuais como os pictogramas, ferramentas de gran axuda tanto para aprendizaxe, desarrollo de comunicación como aumentar a súa comprensión e regular o seu comportamento.

Sumado a este trastorno neurolóxico, hai outros trastornos xerais do desenvolvemento, alteración da linguaxe, dificultades de aprendizaxe como poden ser a diletaxia, dislalia, disgrafía ou discalculia que o mesmo tempo que ao autismo e o TEA interfíren significativamente no rendemento escolar, dificultando o adecuado progreso dos nenos e nenas afectados e a consecución das metas marcadas nos plans educativos.

Non poñemos en dúbida a labor realizada polos Servizos Sociais a neste respecto, mais non é suficiente e así o trasladan as familias de nenos e nenas con estes diagnósticos.

Por todo o exposto, solicitamos que o Pleno da Corporación adopte os seguintes

#### **ACORDOS:**

**-Poñer en marcha programas de concienciación e difusión de estas sensibilidades entre a sociedade e o propio alumnado dos centros, para que non se dean situacións discriminatorias e de exclusión de estes nenos e nenas.**

**-A creación de un departamento específico municipal que coordine a Concellaría de Servizos Sociais e a concellaría de Cultura, na que un equipo técnico que aune profesionais específicos de ambas concellarías (persoal de Servizos Sociais xunto cos educadores/as sociais da Concellaría de Cultura) para asesorar, axudar, apoiar e protexer aos nenos e nenas, así como ás familias que conviven con este tipo de sensibilidades. Así tamén a contratación de persoal máis especializado se fose preciso.**

**-Que este departamento traballe de forma coordinada cos servizos de orientación dos distintos colexios e as familias.”**

A **Sra. Fernández Agraso** xustificou a urxencia porque os temas sociais son sempre necesarios e explicou que se trataba dunha moción consensuada con familias que teñen plantexado este problema.

A continuación, ao non producirse mais intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, a **Sra. Presidenta** someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada por unanimidade.

A **Sra. Fernández Agraso** indicou que esta enfermidade provocaba situacións moi duras no día a día e sería conveniente que houbo un acordo unánime da corporación.

A **Sra. Alcaldesa** mostrouse de acordo co fondo da moción, pero aclarou que propoñería o voto en contra da mesma, porque este concello xa está a traballar na coordinación e divulgación destas necesidades, non só do autismo, precisando que o traballo neste sentido dende servizos sociais é continuo e que non está conforme co que sinala na moción de que se faga un departamento especializado, nin asumir competencias que non corresponden ao concello.

A **Sra. Fernández Agraso** indicou que tal vez non se está facendo todo o traballo que se debía e que por iso as familias se queixan e a **Sra. Alcaldesa** dixo que non se podían crear departamentos nin contratar persoal para asuntos que non eran de competencia municipal, debendo ser moi cautos para adoptar acordos como o proposto, polo que ían votar en contra do mesmo.

A continuación, ao non producirse mais intervencións, a **Sra. Presidenta someteu a votación a moción**, alcanzándose o seguinte resultado:

**Votos a favor: 5 (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).**

**Votos en contra: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto).**

**Votos pola Abstención: 3 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal).**

En consecuencia, **non resultou aprobada a moción antes transcrita**.-----

**3º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO RELATIVA Á NECESIDADE DE DOTAR Á COMARCA DO SALNÉS DUNHA AMBULANCIA MEDICALIZADA DE XEITO PERMANENTE (R. DE ENTRADA Nº 2.825 DO 30/03/15).** O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, deu lectura a moción que a continuación se transcribe literalmente:

“David Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do **Bloque Nacionalista Galego (BNG)** no Concello de SANXENXO

**EXPÓN:**

As urxencias sanitarias que se produzan na comarca do Salnés, no ámbito extrahospitalario nos concellos de Sanxenxo, Cambados, O Grove, Meaño, Meis, A Illa de Arousa, Vilanova de Arousa, Vilagarcía de Arousa e Ribadumia só contan con catro ambulancias asistenciais de soporte vital básico, que só contan cunha persoa que conduce o vehículo e un/unha técnico-auxiliar. Estas ambulancias teñen as súas bases en Ogrobe, Sanxenxo, Vilagarcía e Cambados.

A comarca do Salnés está por debaixo da ratio recomendada pola OMS (Organización Mundial da Saúde) que recomenda a existencia dunha ambulancia de “Soporte Vital Básico” por cada 25.000 habitantes, estamos a ver como a día de hoxe na comarca do Salnés as ratios de atención superan as recomendacións.

Na atención das patoloxías de gravidade o tempo é un factor esencial, polo cal non é entendibel que unha comarca tan ampla e con tanta poboación como a do Salnés teña un hospital que non está dotado con UCI e non conte con ningunha ambulancia medicalizada (Soporte Vital Avanzado) é dicir dotada cun equipo humano composto por un/unha médico e persoal de enfermería especializado na atención sanitaria en situacións de emerxencias e dous técnicos en transporte sanitario urxente, algo claramente necesario tendo en conta ademais da súa poboación o alto índice de sinistros que se rexistran.

O persoal que presta os seus servizos nas ambulancias do 061 no Salnés veñen de denunciar que están a prestar os servizos propios dunha ambulancia medicalizada con ambulancias convencionais ou asistenciais, que, ou ben son “medicalizadas” indo a buscar o persoal médico e de enfermería aos centros de saúde ou Pacs, co cal se perde un tempo vital, ademais de deixar desatendidos estes centros, ou proceder ás chamadas transferencias en ruta, consistentes en sair ao encontro da ambulancia medicalizada, que ten base en Pontevedra, e proceder a medio camiño a trasvasar @s doentes dunha ambulancia a outra no medio da rúa ou en gasoliñeiras, cando non ter que seguir hacia o centro hospitalario por atoparse esta ocupada.

É evidente que os recursos sanitarios existentes no Salnés non permiten a atención de patoloxías de extrema gravidade, nin a maior parte das veces, prestar asistencia médica in situ a doentes de extrema gravidade, nin asistilos con persoal facultativo nin de enfermería durante os traslados a un centro hospitalario, ao non contar con ambulancia medicalizada nin ter UCI o Hospital do Salnés.

Dende finais do mes de novembro a Xunta de Galiza abreu o prazo para o novo concurso de transporte Sanitario Urxente na Galiza, que non contempla a dotación de ambulancia medicalizada para o Salnés, e que ademais está sendo aproveitado o mesmo para reducir e precarizar este servizo público e primar o negocio fronte ao servizo. Un negocio, que máis unha vez, como xa fixo na adxudicación do Hospital do Salnés, o Partido Popular prima ás grandes empresas de fora de Galiza.

O PP ten demostrado sobraamente que a súa folla de ruta é a de privatizar e recortar cada vez mais nestes servizos públicos, coa única fin de que as empresas adxudicatarias aumenten os seus beneficios, aínda a conta de precarizar na atención e servizos ás persoas.

Fronte a isto dende o BNG entendendo que é preciso reclamar un servizo tan necesario, e que atenda e teña como principal obxectivo o de servir e velar pola saúde de toda a poboación do Salnés con unha ambulancia medicalizada, imprescindible para non seguir a poñer en risco a saúde e vida das veciñas e veciños da comarca.

Por todo isto dende o grupo municipal do BNG solicitamos do pleno da corporación de Sanxenxo o seguinte **ACORDO**

Instar ao Goberno galego a dotar á comarca do Salnés cun servizo permanente, todo o ano e as 24 horas, de cómo mínimo unha ambulancia medicalizada (Soporte Vital Avanzado), é decir, dotada permanentemente cun equipo humano composto por un/unha médico e persoal de enfermería especializado na atención sanitaria en situacións de emerxencias e dous/dúas técnic@s en transporte sanitario urxente.”

O **Sr. Otero Domínguez** destacou que esta moción se presentou noutros concellos da comarca e respondía a unha demanda social por un problema creado polos recortes que se están a facer, engadindo que a urxencia se debe a proximidade da época estival e que, ademais, o interese para o Concello de Sanxenxo ven dado polo feito de que a súa base debe estar neste termo municipal.

A **Sra. Alcaldesa** sinalou que estaba de acordo na necesidade urxente de contar coa ambulancia e que estivese en Sanxenxo, tendo en conta que, polas circunstancias especiais deste concello, no verán sempre tiña que estar presente a ambulancia, sen necesidade de pedila.

A continuación, ao non producirse mais intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, a **Sra. Presidenta someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada por unanimidade.**

A **Sra. Alcaldesa** indicou que para votar a favor da moción tiña que pedirle ao poñente que retirase o parágrafo referente ás políticas de privatización do Partido Popular, algo co que mostrou a súa conformidade o **Sr. Otero Domínguez**, que eliminou da moción o solicitado pola anterior interviniente.

Ao non producirse mais intervencións, a **Sra. Presidenta someteu a moción a votación na que, por unanimidade, resultou aprobada nos termos antes transcritos.**-----

**4º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO RELATIVA Á PRESCRICIÓN DOS FÁRMACOS DE ÚLTIMA XERACIÓN A PERSOAS DOENTES DE HEPATITE C (R. DE ENTRADA Nº 2.824 DO 30/03/15). O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:**

“David Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do **Bloque Nacionalista Galego (BNG)** no Concello de SANXENXO

**EXPON:**

A enfermidade hepática causada polo Virus de Hepatite C (VHC) constitúe un grave problema de saúde pública. Calcúlase, en cifras do Ministerio de Sanidade, Igualdade e Asuntos Sociais, que unhas 700.000 persoas son portadoras deste virus no conxunto do Estado español.

Até recentemente os medios de tratamento dispoñíbeis producían altas taxas de fracaso terapéutico, para alén de ter unha elevada toxicidade e efectos secundarios graves. Déronse, ademais, numerosos casos de doentes que non podían someterse a eles por intolerancia a algún dos fármacos empregados.

Como consecuencia, na actualidade hai na Galiza unha cantidade importante de persoas enfermas diagnosticadas, en diferentes estadios de evolución da Hepatite C, que non están sendo tratadas, e que teñen como única alternativa a vixilancia da súa evolución á espera de chegar a un estado que determinase a idoneidade dun transplante hepático.

Esta situación viuse radicalmente alterada coa aprobación recente de novos fármacos. Particularmente transcendente foi o feito de a axencia europea do medicamento (EMA) aprobar, a principios do ano 2014, o Sobosbuvir, un antiviral de acción directa sobre o VHC. A comercialización deste medicamento no territorio español foi aprobada pola Dirección Xeral de Farmacia e Produtos Sanitarios o 5 de marzo de 2014.

O día 24 de setembro de 2014 a, daquela, ministra de Sanidade anunciou publicamente que o Ministerio acadara un acordo co fabricante do fármaco para incluílo na sanidade pública e que @s facultativ@s o puidesen prescribir a aquelas persoas enfermas que o precisaren. A ministra naquela altura acrecentou que a proposta se trasladaría inmediatamente á Comisión Interministerial de Prezos dos Medicamentos, e comunicou que en outubro poderían dispor médicos/as dese medicamento en todo o territorio do Estado español, para o aplicar aos/ás pacientes que o precisasen.

Desde aquela hai elaborado un Protocolo de Posicionamento Terapéutico e un Documento de Priorización que están sendo aplicados, no caso galego, pola subcomisión para o Tratamento da Enfermidade Hepática, constituída na Consellaría de Sanidade.

A día de hoxe sucédense as declaracións públicas de hepatólogos/as a través da Asociación Española para o Estudo do Fígado, reclamando que os criterios para a dispensación do tratamento no sistema público sexan máis inclusivos e cifrando a necesidade de tratamentos urxentes para aplicar no territorio do Estado español nun mínimo de 30.000 para o ano en curso.

Por outra parte, o desacougo, a alarma e as queixas dos/as doentes de hepatite C, particularmente das persoas postransplantadas non negativizadas e das que se atopan en fase cirrótica (F4), van e aumento ao comprobar como nuns casos a súa situación non se inclúe dentro dos criterios de elixibilidade que se aplican para o acceso ao fármaco, e noutros moitos a solicitude cursada polos/as seus hepatólogos/as, unha vez determinado que cumpren os requisitos establecidos polo Ministerio e recollidos nas Instrucións do acceso aos tratamentos da Hepatite C cursadas pola Dirección xeral de Asistencia Sanitaria, é rexeitada ou non contestada.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

**1. Instar ao Goberno galego para este se dirixir ao Goberno de España e exixir que se garanta o acceso ás novas terapias para as persoas doentes de Hepatite C que o precisaren. Todo isto debe producirse de acordo co criterio de médicos/as especialistas, que deben dispor de todos os recursos que foren precisos para a atención dos casos definidos como de tratamento urxente pola Asociación Española para o Estudo do Fígado na súa recente reunión co Ministerio de Sanidade, Igualdade e Asuntos Sociais.**

**2. Instar ao Goberno galego a tomar as medidas necesarias para que a terapia cos novos fármacos para a Hepatite C se dispense nas farmacias hospitalarias a aqueles doentes a que lle for prescrita por persoal médico especialista do Servizo Galego de Saúde, de xeito inmediato á súa prescrición.**

**3. Trasladar estes acordos ao presidente da Xunta de Galiza, á titular da Consellería de Sanidade e aos grupos parlamentarios do Parlamento galego.”**

O **Sr. Otero Domínguez** xustificou a urxencia porque non debe prevalecer o criterio comercial sobre a saúde, precisando que hai enfermos e medicamentos para curalos, pero estes non se están a dispensar axeitadamente, xa que os criterios de admisión cada vez se están a cribar mais, polo que se deben tomar medidas xa.

A **Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular**, dixo que estaba de acordo co fondo da moción, se ben o certo é que dende o goberno xa se están a plantexar as medidas necesarias para solucionar o problema, polo que non consideran apropiado votar a favor da urxencia da moción.

O **Sr. Otero Domínguez** reincidiu na dificultade de poder acceder a estos medicamentos e a **Sra. Alcaldesa** matizou que debían ser os médicos os que determinasen cando poder recibilos e que, aínda que entendía que ningún enfermo por cuestións económicas non podía estar sen recibir a medicación oportuna, xa parecía que se chegara a un acordo.

A continuación, ao non producirse mais intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, a **Sra. Presidenta** someteu a votación a declaración da urxencia da moción, alcanzándose o seguinte resultado:

**Votos a favor: 8 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).**

**Votos en contra: 0**

**Votos pola Abstención: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto).**

En consecuencia e, **ao non obter o voto favorable da maioría absoluta dos membros de dereito da Corporación, non resultou aprobada a declaración de urxencia desta moción.-**

## **ROGOS**

**1º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DE SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL. O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, deu lectura ao escrito que a continuación se transcribe literalmente:**

**“D. Gonzalo Gonzalo Pita portavoz do grupo municipal Sanxenxo Agrupación Liberal (S.A.L.) ó amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locales expoño ós membros do goberno local o seguinte ROGO:**

**O mirador de Caneliñas presenta unha imaxe deteriorada con bancos rotos, pintadas, aceras inclinadas, etc.**

**Rogamos que se subsanen estas deficiencias.”-----**

**2º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DE SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL. O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, deu lectura ao escrito que a continuación se transcribe literalmente:**

**“D. Gonzalo Gonzalo Pita portavoz do grupo municipal Sanxenxo Agrupación Liberal (S.A.L.) ó amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locales expoño ós membros do goberno local o seguinte ROGO:**

**Na carretera de subida a igrexa de Dorrón, na que actualmente a diputación de Pontevedra está a facer unha actuación, existe un muro que está filtrando auga, soltando area debido a erosión de dita auga.**

**Rogamos que insten a Diputación de Pontevedra a que subsane esta deficiencia polas gravosas consecuencias que poidese ocasionar o derrumbamento de este muro de grandes dimensións.”**

**O Sr. Sanmartín Quiñones, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, puntualizou que xa está instada a Deputación para proceder ao arranxo. -----**

**3º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DE SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL. O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, deu lectura ao escrito que a continuación se transcribe literalmente:**

**“D. Gonzalo Gonzalo Pita portavoz do grupo municipal Sanxenxo Agrupación Liberal (S.A.L.) ó amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locales expoño ós membros do goberno local o seguinte ROGO:**

**Os accesos á praia de Canelas quedou deteriorada co efecto da erosión deste inverno. Actualmente atópase vaiado.**

**Rogamos que xestionen o antes posible a reparación deste acceso”-----**

**4º) A Sra. Aguíñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, dado que se**

trataba do derradeiro pleno ordinario desta lexislatura, interviu para agradecer aos veciños a súa comprensión pola tarefa que realizou estes anos.-----

**5º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO. O Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto, deu lectura ao escrito que a continuación se transcribe literalmente:**

**“SOBRE EL ESTUDIO PARA LLEVAR A CABO EL AHORRO ENERGÉTICO EN EL ALUMBRADO PÚBLICO Y ALGUNOS EDIFICIOS MUNICIPALES.**

Sra. Alcaldesa y demás miembros de la corporación

Después de algo mas de dos años realizando una estudio/auditoría del alumbrado público municipal, para ver su estado en lo referente al cumplimiento de la normativa actual para adaptarlo a la misma, y al tiempo llevar a cabo realización de la última parte del ahorro energético acordado en el pacto de gobierno (paralelamente se realizaron las dos fases de la piscina en las que se pasó a ahorrar un 65% de su consumo total en el AQS (agua caliente sanitaria), constatado dicho dato al año de realizadas las obras). Este concejal como responsable del estudio llevado a cabo en colaboración con el equipo eléctrico y el ingeniero técnico municipal fue dando cuenta al resto del grupo de gobierno en las reuniones semanales.

Esta vez por escrito quiere dejar constancia de lo que ya informó en las mismas ya que una vez rematado algún/a concejal/la defendiendo extraños intereses, contrarios a los comunes, no permitió que se siguiese tramitando.

**ALUMBRADO PÚBLICO VIARIO REGULARIZADO, CON CONTADOR:** (el que tiene un contrato de suministro con su contador de medición), la totalidad de lo contratado es inferior a lo que realmente se necesita, por lo que se consumen al año unos 234.499 KW/h, sobre lo máximo autorizado dada la potencia contratada, diferencia que es medida a través del contador y que se abona a la suministradora. El problema es que alguna línea no tiene sección suficiente, faltan tomas de tierra, hay secciones de las mismas derivadas a tierra o en corto y anuladas, etc.

**ALUMBRADO PÚBLICO VIARIO REGULARIZADO A “TANTO ALZADO”:**

**Aquel que por no tener contadores la suministradora lo calcula en base a los datos obtenidos en su día** (se cuentan los puntos de luz y sumados los consumos de todos ellos da la potencia a contratar; multiplicado por las horas que se estipula encendido, da el consumo total por día, mes o año). En Sanxenxo los datos por los que nos factura la suministradora son los correspondientes a una potencia instalada que nos autoriza a consumir un máximo de 157 KW/h lo que nos autoriza un consumo máximo de 573.048 KW/h año.

A las líneas a tanto alzado a lo largo de los años se le fueron añadiendo puntos de luz, nuevas líneas y otros elementos, lo que hace que hoy en día ése consumo autorizado, es sobrepasado en mas de 298.000 KW/h cada año los 573.048 KW/h. autorizados (573.048.000 millones de Watios). Es de hacer saber, de nuevo, que los alumbrados a tanto alzado ya están prohibidos y que la suministradora nos está requiriendo su legalización.

Resumiendo: En lo referente a la totalidad del consumo anual de energía eléctrica, existe una diferencia entre la cantidad consumida y la realmente contratada de 685.637 KW/h. (685.637.000 millones de

watios) Ello es debido, no solo a lo anteriormente expuesto, existen suministros de energía eléctrica en activo (edificios, semáforos, contenedores soterrados, etc) que están sin contrato, o contratados por debajo de lo que realmente se consume. En el supuesto de estar regularizados todos los suministros de energía eléctrica que están en activo, la factura a pagar por parte del concello a la empresa distribuidora aumentaría considerablemente.

Del estudio realizado para llevar a cabo la adaptación a la normativa además del ahorro energético, se desprende que ahorraríamos al año (después de regularizar todas las instalaciones) un consumo de KW. , a día de hoy, que pasados a euros rondaría los 700.00 euros año, a pesar de ello un concejal, apoyado por compañeros del mismo que están intentando formar parte de la nueva corporación, atendiendo a beneficios que nada tienen que ver con los del municipio, no han querido sacar el ahorro energético a concurso (aunque la adjudicación fuese realizada por quien nos sustituya), con lo que llevamos consumidos vatios por muchos cientos de miles de euros que ya no se recuperaran y parte de los cuales estamos "sustrayendo" a la suministradora. Estoy seguro de que si lo que saliese a concurso fuese la privatización del servicio, que no se pondría inconveniente alguno.

Lo peor es que hay instalaciones que son un verdadero peligro para la integridad de las personas y animales, las cuales quedarían adaptadas a los diferentes reglamentos, algo a lo que estamos obligados por Ley.

Es de hacer saber que incluso se consiguió financiación al 100% a interés cero ( 0% ), lo que haría que una vez producida la baja en el concurso, posiblemente sobrase con tres anualidades para pagar la inversión. Con lo que, además de dejar las instalaciones en perfecto estado, el ahorro se quedaría total en las arcas municipales, o sea, que con el ahorro de los tres primeros años sería suficiente para renovar el parque eléctrico, y aun sobraría, lo que nos permitiría que parte del mismo pudiese ser dedicado a otras cuestiones.

Creo que, una vez realizado el estudio, y haberse negado a realizar el concurso basándose en que en dichas fechas no son buenas para los intereses del PP, ocultan una dejación de funciones en favor de unos intereses que nada tienen que ver con la defensa de los de nuestros vecinos ni del medio ambiente.

Por lo anterior: El consumo sin contrato; la falta de cumplimiento de la normativa y la precariedad de muchas líneas de alumbrado público; el derroche económico, y especialmente el riesgo de que personas y animales pueden recibir descargas eléctricas (electrocución); entiendo que la negación de algún compañero del grupo de gobierno a realizar las necesidades descritas en el Pliego de Prescripciones Técnicas aportado por el estudio, es una dejación de funciones que puede llevar a graves consecuencias; de llegar las mismas, los responsables serán parte de quienes estamos gobernando hoy en día.

Sirva esta para dejar por escrito constancia de un trabajo técnico que llevó, compaginado con otros, más de dos años su realización y hacer saber de la responsabilidad de cada miembro del grupo de gobierno. Labor de la cual se dio varias veces cuenta en las reuniones de trabajo, llegando la alcaldesa en su día a apremiar al Ingeniero técnico municipal para que lo priorizase sobre otros.

El (PPT) Pliego de Prescripciones Técnicas tiene desde hace tiempo los informes de intervención favorables, además del Pliego de Cláusulas Administrativas.

El estudio obtuvo el visto bueno del grupo de gobierno, incluso algunos de sus componentes se brindaron a acompañarme en la rueda de prensa.

Con el ruego de que conste en acta y quede a salvo mi responsabilidad si una desgracia nos visitara, además del derroche económico que supone no llevarlo a cabo. Sanxenxo, marzo de 2015.”

**A Sra. Alcaldesa** matizou que este asunto non viu ao pleno porque non o propuxo, ao non haber consenso dentro do grupo de goberno, dado que a actuación supoñía un endebedamento de aproximadamente tres millóns de euros para o concello, recoñecendo o traballo realizado polo

concelleiro.-----

## **PREGUNTAS**

**1º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DE SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL. O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, deu lectura ao escrito que a continuación se transcribe literalmente:**

**“D. Gonzalo Gonzalo Pita portavoz do grupo municipal Sanxenxo Agrupación Liberal (S.A.L.) ó amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locales, formula, para a súa contestación no próximo pleno ordinario a seguinte pregunta:**

### **PREGUNTA**

**O ano pasado xurdeu unha polémica acerca dunha licenza para a instalación en Portonovo dunha carpa nos meses de verán para unha especie de festa do marisco.**

**A viabilidade do tráfico e a falta de aparcadoiros parece complicada para o desenvolvemento desta actividade.**

**¿Esta de novo tramitada esta licenza para este verán e como teñen pensado resolvelo?”**

**A Sra. Alcaldesa contestou que a solicitude existe, pero non coñece o sentido dos informes neste momento, polo que se contestará por escrito, precisando a Sra. Deza Martínez, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular, que aínda non está o asunto informado.--**

**2º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DE SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL. O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, deu lectura ao escrito que a continuación se transcribe literalmente:**

**“D. Gonzalo Gonzalo Pita portavoz do grupo municipal Sanxenxo Agrupación Liberal (S.A.L.) ó amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locales, formula, para a súa contestación no próximo pleno ordinario a seguinte pregunta:**

### **PREGUNTA**

**No pleno do 26 de xaneiro preguntamos pola situación do caso dos chalets de Ferro Mesego en Dorrón, en canto a si procedía o seu derribo e a cargo de quen.**

**Se nos contestou que se nos repostaría por escrito por non rexistrar a pregunta con antelación.**

**Pasados dous meses sin ter resposta voltamos a preguntar.**

**¿Procede o derribo dos chalets de Ferro Mesego e a cargo de quen?.”**

**A Sra. Alcaldesa contestou que neste momento non sabe como está exactamente o expediente, polo que prefire revisalo antes de contestar por escrito.-----**

**3º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DE SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL. O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, deu lectura ao escrito que a continuación se transcribe literalmente:**

**“D. Gonzalo Gonzalo Pita portavoz do grupo municipal Sanxenxo Agrupación Liberal (S.A.L.) ó amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locales, formula, para a súa contestación no próximo pleno ordinario a seguinte pregunta:**

**PREGUNTA**

**O desaucio da cultural de Vilalonga xa ten a fecha marcada para o 23 de xuño, o único que reclama o propietario e que se pague o que se debe e o Concello di que ten partida presupuestaria para facelo.**

**Para o vindeiro 22 de maio está fixada a vista.**

**¿Qué ten pensado facer o Concello?”**

A **Sra. Alcaldesa** contestou que o concello tiña o diñeiro, pero non se puido asinar no seu día o contrato, polo que non se trata dun asunto fácil e que aínda hai que tomar a decisión sobre a postura do concello. O **Sr. Gonzalo Pita** preguntou se era viable asinar unha nova prórroga, contestando a **Sra. Alcaldesa** en sentido negativo, porque xa se chegou no seu día ao tope máximo, engadindo que no futuro o mais lóxico é que exista un novo centro na zona pública de equipamentos que se está a xestionar, sen que tampouco sexa factible a adquisición do inmovible actual ao titular, posto que existen outros asuntos prioritarios.-----

**4º) O Sr. Piñeiro Taboada, concelleiro do Grupo Municipal do PsdeG-PSOE, preguntou por que non había Policía Local no colexio de Telleiro, para a entrada e saída de alumnos, respondendo o Sr. Durán Bermúdez, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular que a actuación policial nos diversos colexios está perfectamnte regulada e se está en contacto continuo coa Policía, que aparece cando se presenta un problema puntual, pero que non é posible contar con ela permanentemente, engadindo que existe diálogo constante cos pais.-----**

**5º) O Sr. Piñeiro Taboada, concelleiro do Grupo Municipal do PsdeG-PSOE, preguntou sobre a elaboración da ordenanza para a regulación das terrazas, contestando a Sra. Alcaldesa que non vai estar rematada nesta lexislatura, existindo discrepancias cos propietarios respecto ao formato dos peches, xa que ao goberno lle gustaría que non existise publicidade.-----**

**6º) O Sr. Buezas Méndez, concelleiro do Grupo Municipal do PsdeG-PSOE, preguntou sobre que policía realizaba agora a vixilancia urbanística, respondendo a Sra. Alcaldesa que varios, que o único que cambiou e que a Policía adscrita á Xerencia no seu día, pasou agora ao concello e que, independentemente de que determinado persoal estea de baixa, todos están dispoñibles para realizar esta labor en momentos puntuais.-----**

**7º) O Sr. Buezas Méndez , concelleiro do Grupo Municipal do PsdeG-PSOE, preguntou**

sobre se se remitiu a documentación para a consolidación dos núcleos do litoral, contestando a **Sra. Deza Martínez, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular**, que os documentos se entregaron en tempo, forma e prazo.-----

8º) A **Sra. Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, preguntou sobre a situación dun muro en deficiente estado, que está en fronte da farmacia de Vilalonga, contestando a **Sra. Deza Martínez, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular**, que se solicitou permiso, pero existe un problema con Patrimonio.-----

9º) A **Sra. Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, preguntou se o Centro Cultural de Vilalonga cumpre o regulamento municipal, respondendo a **Sra. Lago Martínez, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular**, que o regulamento se lle remitiu a todos os centros e que teñen a obriga de cumprilo, indicando a **Sra. Fernández Agraso** porque entón existía publicidade de comidas e a **Sra. Lago Martínez** que o regulamento é igual para todos, aínda que había algunhas salvedades.---

10º) O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego** preguntou se estaba previsto algunha revisión dos soldos do persoal do aparcamento de “Nauta”, que estaba bastante molesto, contestando a **Sra. Alcaldesa** que era un salario baixo en comparación con outros colectivos, pero que sen o informe favorable de intervención non se pode facer nada ao respecto. O **Sr. Durán Bermúdez, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, puntualizou que se estaba a traballar neste asunto, aínda que xa se fixeron certas melloras, manifestando a **Sra. Alcaldesa** que, dentro do obxectivo do grupo de goberno, estaba que, cando existisen posibilidades de revisión, se debía primar a este colectivo.-----

-----  
E non habendo mais asuntos dos que tratar, a **Sra. Presidenta** dá por finalizada a sesión, sendo as vinte e dúas horas e corenta e tres minutos, de todo o que eu, como **Secretario, DOU FE**:

